

A valoración do traballo foi en xeral positiva.

Resume dos comentarios anónimos feitos o día 7-5-09 polos 18 alumnos presentes

- Recoñecen que se viron obrigados a traballaren en grupo, tamén a expor en público cos problemas que isto supón: nervios, medo... Mais o esforzo mereceu a pena. Tamén foi interesante observar as exposicións dos demais.
- Todos utilizaron apoio informática na exposición: pps, vídeos, cancións. Case todo funcionou ben.
- Valoran as fotos feitas ao final de cada exposición porque lles quedan de lembranza
- Nun grupo non posible reproducir 2 arquivos (extensión descoñecida para o ordenador). No grupo do cine sucedeu algo que non nos podemos explicar: os vídeos das películas víanse ben na pantalla do portátil pero non aparecían na pantalla do canón, si se vía o encadre do programa reprodutor e non as imaxes.
- Todos coinciden en que o comportamento dos demais durante as exposicións foi bo e mesmo moitas veces que había murmurios eran comentando aspectos dos vídeos ou pps
- Uns poucos compañeiros faltaron ás exposicións dos demais (acostuman a faltar tamén ao resto)
- Tres grupos funcionaron moi ben, houbo reparto de traballo e responsabilidades na preparación e na exposición.
- Un grupo non funcionou, non houbo traballo en común debido á inasistencia a clases de varios dos seus integrantes. Cada un fixo o que lle pareceu e a exposición resentiuse.
- Dous grupos tiveron problemas entre os integrantes á hora de traballar e distribuírse. Mais acadaron un resultado aceptable.
- Debería facerse o traballo no segundo trimestre, lonxe dos exames finais.
- Para algúns o tema escollido era moi triste

Notas para experiencia desta actividade: 7, 9, 9, 9, 8, 7, 5, 7, 5, 4, 7, 8, 5, 9'5, 9'5, 9'5, 9, 5, 7

Algúns opinións sobre a experiencia de expoñer:

- A miña experiencia na exposición foi boa aínda que cando non ía ao ordenador púxenme nerviosa.
- a miña exposición gaticoume ao ver como o resto dos meus compañeiros atendían e nos respectaba. Ao principio estaba un pouco nerviosa ante a reacción da clase, pero o caso é que estou moi agradecida polo comportamento e interese.
- A min non foi todo o ben que me gustase. A verdade é que foi bastante mal.
- A miña foi bastante mala por problemas técnicos e que non estou acostumado a falar en público.
- Mala porque nos saíu mal e moléstame porque puido saír moi ben.
- Paseino fatal por culpa dos nervos e da vergoña
- Sentín vergoña plo que pensarían os demais, cousa que nun principio non crin que fose ter
- Foi boa, eu puxen os vídeos
- Gustoume expor o traballo porque desa forma superei un pouco a vergonza de falar diante da xente.
- Moi interesante, non pasei ningunha vergoña
- Gustoume porque penso que a nosa exposición estivo ben preparada e que alternamos os turnos bastante ben.
- Gustoume expoñer pero púxenme un pouco nerviosa ao ler xa que non me gusta falar en público diante de moita xente, pero en xeral estivo ben